



Concello
San Cibrao das Viñas
Concellaría de Cultura,
Muller e Infancia

BANDO

Ábrese o prazo para a presentación de instancias para a axuda da compra de libros e material para escolares que cursen Educación Infantil (3,4 e 5 anos), establecéndose en 145 € á máxima cuantía a subvencionar; dentro da provincia, a todas aquelas familias que reúnan os seguintes



REQUISITOS:

- . Estar empadroados no Concello de San Cibrao das Viñas polo menos o pai, nai ou titor do neno cunha antigüidade dun ano á convocatoria da axuda.**
- . Ter presentadas as solicitudes e a documentación requirida.**
- . R.P.C. anual das familias ás que se lle conceda a axuda, non poderá exceder duns ingresos netos de 6300 € por membro familiar ao ano. Computaranse como membros todas as persoas que convivan no enderezo familiar.**
- . O pago dos impostos municipais así como a certificación do núcleo de convivencia será comprobado de oficio polo Concello**

DOCUMENTACION A PRESENTAR:

Solicitude da axuda preferiblemente por vía electrónica na súa sede electrónica <http://sancibrao.sedelectronica.es> ou de forma presencial no Concello.

Factura orixinal detallada da compra e titular da mesma, pai/nai ou titor do solicitante.

Listado de libros e material escolar indicado polo colexio.

Copia do Libro de Familia.

Copia do D.N.I non caducado do solicitante e de todos os convivintes maiores de 18 anos.

Xustificación de ingresos de todos os membros que vivan no mesmo domicilio:

Vida laboral dos maiores de 18 anos.

Copia da Última declaración da Renda e de Patrimonio ou documento acreditativo de non estar obrigado a presentala (certificado de imputacións) referida o ano 2018, ou certificación da Empresa dos ingresos obtidos durante 2018 de tódolos membros que traballen, convivan na vivenda e non teñan obriga de presentar a declaración da renda. (Base imponible xeral e base imponible do aforro).

Para familias en paro: Certificación do INEM da contía percibida durante 2018 ou ben certificación de non haber percibido prestación.

Si conviven persoas pensionistas na vivenda, certificado da Seguridade Social da contía da pensión ou certificado negativo do mesmo organismo no seu caso.

Outras prestacións: RISGA, PNC, Prestación por fillo a cargo, manutencións pensións compensatorias, de orfandade certificación do organismo correspondente.

Certificado ou informe do centro onde o alumno/a realice estudos no que se especifique o curso onde está matriculado.

No caso de separación ou divorcio documentación que o acredite. No caso de non percibir pensión alimenticia ou compensatoria, presentarse fotocopia da denuncia de incumprimento destas obrigas.

Certificado de acollemento familiar remunerado, no seu caso.

Os estranxeiros deberán presentar un informe dos ingresos obtidos no ano 2018 no país correspondente mediante documento bancario sobre cotización media da moeda do devandito país nese ano.



PRAZO DE PRESENTACIÓN

ATA O VINDEIRO 18 DE OUTUBRO

